

Lei 2/1992, do 17 de marzo, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.) ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 236, do 4.2.1992.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 99, do 11.2.1992; BOPG núm. 240, do 18.2.1992.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 102, do 26.2.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 247, do 10.3.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 56, do 23.3.1992.

Boletín Oficial del Estado núm. 127, do 27.5.1992.

Lei 2/1992, do 17 de marzo, de concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.) ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas

A Lei 31/1991, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1992, na súa disposición adicional trixésima, establece o aboamento dunha paga de compensación pola desviación entre o índice de precios ó consumo previsto e o rexistrado no ano 1991, de acordo coa taxa interanual de novembro de 1991 sobre o mesmo mes do ano 1990, así como a revisión das bases para o cálculo do índice previsto para 1991 como consecuencia da dita desviación.

En consideración a que os presupostos xerais desta Comunidade Autónoma para 1992 foron presentados no Parlamento de Galicia antes de coñecerse o índice de precios ó consumo rexistrado en Galicia, e a que incluso a súa publicación tivo lugar con data posterior ó termo do período de presentación de emendas ó citado documento, e conforme ó pacto coas centrais sindicais, non puideron facerse no mesmo as previsións precisas para atende-los gastos referidos no

parágrafo anterior; por este motivo, ó igual ca en exercicios anteriores, procede a concesión dun crédito extraordinario para satisfacer-los mencionados incrementos retributivos ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co cartigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.), ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas.

Artigo 1

Un.— Ó persoal ó que se refire o título II da Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1991, que estivese en servizo activo durante 1991 aboaráselle, para compensa-la perda do poder adquisitivo en Galicia, unha paga equivalente ó 1,0476% das súas retribucións polos seguintes conceptos:

a) Persoal ó servizo da Administración pública non sometido á lexislación laboral:

Total de retribucións devengadas correspondentes a 1991 con excepción de:

Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 5/1991, do 4 de abril.

Complemento familiar.

Complementos persoais e transitorios.

Indemnizacións por razón do servizo.

Cantidades percibidas en concepto de acción social.

b) Persoal laboral:

Tódalas retribucións devengadas correspondentes a 1991 con excepción de:

Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 5/1991, do 4 de abril.

Percepcións económicas en especie.

Cantidades percibidas en concepto de acción social.

Complemento familiar.

Dous.— A percepción da paga a que se refire este artigo será incompatible con calquera outra medida compensadora de desviación de precios ó consumo establecida para 1991.

Tres.— Os complementos persoais e transitorios que puidese ter recoñecidos o persoal a que se refire este artigo non serán absorbidos pola paga establecida no mesmo.

Artigo 2

Un.— Con efectos do 1 de xaneiro de 1992, o incremento das retribucións respecto de 1991 do persoal en activo ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma a que se refiren o título II e a disposición transitoria primeira da Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, elévase do 5% ó 6,1%.

Dous.— a) De acordo co anterior, tódalas contías dos conceptos retributivos que se detallan no citado título II experimentarán un incremento do 0,6667%.

b) Por outra banda, o importe global das retribucións obtidas conforme ó apartado anterior experimentará un novo incremento do 0,3784%, que terá o carácter de remuneración adicional, para os efectos da estrutura retributiva

do persoal da Administración da Comunidade Autónoma.

Tres.— Para os efectos da absorción dos complementos persoais e transitorios do persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma non sometido a lexislación laboral, o incremento da retribución xeral establecido no presente artigo só se computará no 50% do seu importe previsto na citada Lei 15/1991.

Artigo 3

Un.— Para lle dar efectividade ó disposto nos artigos anteriores, concédese un crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.), na sección 23, «Gastos de diversas consellerías», servizo 01, «Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro», programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», concepto 120.20, para atender as retribucións previstas nesta lei, que terá a natureza de ampliable, ata o importe das obrigacións que efectivamente se recoñezan no presente exercicio ó amparo do disposto nesta lei.

Dous.— Os órganos da Xunta que dispoñan de crédito suficiente no seu presuposto de gastos, unha vez deducidas as obrigas de persoal do presente exercicio, financiarán o custo das medidas a que se refiren os artigos 1 e 2 con cargo ó seu propio presuposto; así mesmo, os organismos autónomos que dispoñan de financiamento

suficiente atenderán con cargo ó mesmo o custo das citadas medidas, logo da habilitación do crédito necesario.

Tres.— O dito crédito extraordinario financiarase con cargo ós maiores ingresos que se produzan como consecuencia da liquidación definitiva da porcentaxe de participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado.

Disposición adicional

Ó persoal transferido á Comunidade Autónoma polo Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde, seralle aplicable o previsto nos artigos 1 e 2 desta lei; para tal efecto, os créditos correspondentes ó estado de gastos consideraranse ampliables na contía suficiente para lle dar cumprimento ó previsto nos citados artigos. O seu financiamento levarase a cabo co maior ingreso previsto no punto E, apartado f), do anexo do citado Real decreto 1679/1990.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente